

Concello de Outes

Expediente: 377/2023

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

Asunto: PROPOSTA DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE 5 SOCORRISTAS EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS (CAMPAÑA DE VERÁN 2023)

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

D. Manuel González López, alcalde en funcións do Concello de Outes (A Coruña), na data que figura á marxe, dito a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a necesidade de proceder á cobertura de 5 postos de socorrista en espazos acuáticos naturais segundo establece a subvención para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia no ámbito de colaboración coas Entidades Locais (ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, publicada no DOG núm. 56, do 21 de marzo de 2023).

Vista a concesión da autorización para a contratación anticipada segundo establece a Resolución da Xefatura Territorial do 16 de maio de 2023;

De conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

Vistos os informes e demais documentación obrantes no expediente citado no encabezamento.

Considerando as circunstancias sobrevidas relativas ao aprazamento da constitución da Corporación ata o vindeiro 7 de xullo e tendo en conta que a prestación deste servizo é esencial,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e a convocatoria de selección de 5 postos de socorrista en espazos acuáticos naturais, co seguinte contido:

"1º) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A selección de 5 socorristas en espazos acuáticos naturais no marco do Programa de fomento do emprego e mellora da empregabilidade da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia en colaboración coas Entidades Locais



Concello de Outes

(ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, publicada no DOG núm. 56, do 21 de marzo de 2023).

2º) NÚMERO DE PRAZAS

Cinco (**5**) socorristas contratados/as ao abeiro da subvención mencionada no punto anterior, que se podería ampliar a 1 máis, sempre que sexa concedido ao abeiro da subvención antes referenciada.

3º) TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO. RETRIBUCIÓN.

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. A duración do contrato será dende o **24 de xuño ao 17 de setembro** de 2023.

Retribucións en salario bruto:

Xornada completa: 1603,83€/mes a xornada completa incluíndo o prorrato de pagas extras e demais complementos salariais.

4º) OBXECTO DO CONTRATO

Desenvolvemento dos traballos de vixilancia e salvamento de persoas nas praias do municipio de Outes, en réxime de dispoñibilidade plena.

5º) REQUISITOS XERAIS DOS/DAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos, que deberán manterse tanto no momento da selección como no da formalización, no seu caso, do contrato:

1.- Atoparse en situación de desemprego (segundo esixe a antedita Orde de axudas).

2.- Requisitos xerais para o acceso ó emprego público:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes menores de 21 anos de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a



Concello de Outes

nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Ter o título que sinala a Base 6ª. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

d) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e identidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

6º) REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

a) A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais.

b) Estar inscrito/a no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia. No seu defecto, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021. Así mesmo, en aplicación da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo (vixente de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 152/2021) serán admitidas aquelas persoas inscritas de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

7º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria publicárase na páxina web municipal, www.outes.gal e na sede electrónica do Concello, <http://outes.sedelectronica.gal>, aos efectos de transparencia na actuación corporativa.



Concello de Outes

8º) SOLICITUDES

As persoas candidatas serán remitidas polo Servizo Público de Emprego previa solicitude mediante a formulación da correspondente oferta de emprego por parte do Concello de Outes. A listaxe de persoas candidatas remitidas polo Servizo Público de Emprego, terá a consideración de listaxe definitiva de aspirantes, que será aprobada por Resolución de Alcaldía, xa que se trata dun rexistro público no que constan acreditadas as condicións e requisitos para figurar no mesmo. Nesa mesma Resolución figurará tamén o número máximo de sesións das que constará este proceso.

9º) FASE DE OPOSICIÓN

Os/as aspirantes terán que completar as probas de aptitude física no menor espazo de tempo, sumándolle 15 segundos ao tempo acadado polas mulleres, para compensar a diferenza nas capacidades físicas entre homes e mulleres.

Proba aptitude física: **Proba de piscina: 200 metros. Proba combinada con aletas.**

A posición de partida poderá ser de pé no borde do vaso da piscina con entrada libre, ou dentro da auga agarrado ao bordo da piscina. Toda a proba realizarase con aletas, que serán facilitadas na piscina municipal ese mesmo día.

Despois do sinal, realizaranse 100 metros estilo libre (permitíndose viraxes), a continuación realizarase unha apnea de 10 metros recollendo un obxecto do fondo da piscina e remolcarase 90 metros en posición dorsal ou lateral, mantendo en todo momento o obxecto fóra da auga. Ao chegar ao borde do vaso da piscina colocarase o obxecto fóra da auga.

A puntuación máxima desta proba será de **8 puntos** para a persoa que acade o mellor tempo, diminuíndo esta puntuación en tramos de 0,25 puntos para os seguintes clasificados/as.

10) FASE DE CONCURSO

Unha vez realizada a fase de oposición, valoraranse os méritos das persoas candidatas que rematasen a proba correctamente.

1. Formación: Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados co posto de traballo que se convoca e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou federacións deportivas, ou homologados por elas, **ata**



Concello de Outes

un máximo de 2,00 puntos:

- de menos de 15 horas: 0,10 puntos
- de 16 a 40 horas: 0,20 puntos
- de 41 a 70 horas. 0,35 puntos
- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos
- Outras titulacións relacionadas co posto: 0,75 puntos

Estar en posesión do título de Patrón de Navegación Básica (PNB): 1 punto.

2. Experiencia: A experiencia acreditarase en base ao currículum persoal enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia. Se fora o caso, para clarificar aspectos do antedito CV, o tribunal poderá solicitarlle as persoas candidatas algún dos seguintes documentos: certificación expedida pola Administración correspondente ou mediante certificado de empresa, facendo constar a duración dos servizos prestados, denominación do posto e tarefas desvoltas, ou un informe de vida laboral actualizado, **ata un máximo de 3 puntos:**

- De socorrista na correspondente especialidade en Administracións Públicas: 0,25 puntos/mes.
- De socorrista/monitor na correspondente especialidade en empresas privadas: 0,20 puntos/mes.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes puntuaranse proporcionalmente tomando como base un mes de 30 días.

11º) TRIBUNAL CUALIFICADOR:

- Presidente: o técnico de cultura D. Santiago S. Nieto Romarís, ou persoa que legalmente o substitúa.

- Vogais: a técnico-auxiliar de urbanismo D^a Sofía Pérez Figueira, a traballadora social D^a Berta Buján Casanova e o auxiliar de servizos sociais D. Manuel Rama Dosil, ou persoas que legalmente os substitúan.

- Secretaria: a educadora familiar do Concello D^a. Juana Pedrosa Leis, ou persoa que legalmente a substitúa.



Concello de Outes

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma.

12º) Puntuación Final e Nomeamento.

As persoas candidatas seleccionadas serán aquelas que acaden maior puntuación na fase de oposición e de méritos. En caso de empate o criterio a seguir para o desempate será o de maior tempo de desemprego, acreditado por informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que recollerá os/as participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará os/as candidatos/as que obtiveron máis puntuación ata cubrir o número de prazas convocadas. Co resto de candidatos/as admitidos/as formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias, outras vacantes, ampliación de prazas ou para atender necesidades imprevistas. O nomeamento do persoal seleccionado publicárase na páxina web municipal.

13º) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase por escrito co/coa aspirante seleccionado/a no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento. O/a candidato/a seleccionado/a presentará a certificación negativa de inscrición no Rexistro central de delinquentes sexuais e certificado médico de estar apto/a para desempeñar os traballos encomendados. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

En todo caso, a formalización definitiva do contrato laboral queda condicionada á concesión da subvención pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da súa Orde do *13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.*

14º BOLSA DE EMPREGO

Coas persoas candidatas non seleccionadas, constitúese unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes, ampliación de prazas ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ao longo do período de contratación.



Concello de Outes

A bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento para presentar a correspondente documentación acreditativa:

- Certificación negativa de inscrición no Rexistro central de delincuentes sexuais.
- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

De non facelo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e polo tanto decae da bolsa, e pasándose á seguinte persoa candidata na bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado/a, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

15º) NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo R.D. lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.



Concello de Outes

16º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila nº 1, A SERRA DE OUTES, onde se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os/as participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.”

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases da convocatoria que deben rexer o proceso selectivo na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello aos efectos de transparencia na actuación corporativa.

TERCEIRO. Convocar aos membros do tribunal para formar parte do órgano de selección da referida convocatoria e que figuran nomeados nas bases reguladoras da convocatoria.

Outes, na data que figura á marxe.

O alcalde en funcións

Ante min, a secretaria

D. Manuel González López

Da. Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

